

## DOC IV.- TRAMITACIÓN

## INDICE

1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO .....	5
1.1 ANTECEDENTES .....	5
1.2 INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO.....	5
1.3 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO .....	6
1.4 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL .....	7
1.5 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA .....	8
1.6 ALEGACIÓN PRESENTADA POLO REPRESENTANTE DO MONTE VECIÑAL DE VECIÑOS DE ALDÁN .....	9
1.7 INFORME DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (SERVIZO DE MONTES).....	10

MODIFICACIÓN Nº 1 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

1.1 ANTECEDENTES

O 30 de abril de 2014 o Consello da Xunta aproba definitivamente o Plan Sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante PSOAEG). Na súa tramitación foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica.

O 12 de maio de 2017 solicitase iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da presente modificación.

O 16 de maio de 2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático inicia un período de consulta pública do documentos por un prazo de 45 días hábiles.

O 17 de agosto de 2017, a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación número 1 do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia.

Á referida resolución acompañan os seguintes informes:

- a) Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- b) Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- c) Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura

Ademais presentase por parte do representante dos veciños de Aldán (Cangas) preséntase unha alegación correspondente á propiedade de parte da área empresarial no Concello de Cangas pertence ao monte veciñal dos veciños de Aldán, poñendo de manifesto o procedemento ordinario 1.081/2005 tramitado ante o Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Pontevedra.

Engadir que en relación con procedemento de AAE, o 27 de xullo de 2017, e fora do Informe de Avaliación Estratéxica emite informe a Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería do Medio Rural.

1.2 INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

En termos xerais coas modificacións propostas non se agardan efectos ambientais significativos debendo ter en conta as seguintes consideracións:

a) Plan Sectorial Erzana

Non se prevén a priori efectos ambientais significativos prevendo a realización dun estudo hidrolóxico e vincular os cursos de auga ás dotacións de espazos libres e zonas verdes, con obxectivo de preservar as súas funcións ecolóxicas (no momento de desenvolvemento da área).

b) Área empresarial das Encrobas

A modificación proposta non implica a ocupación de novo solo, senón que se reduce pola afección do ferrocarril. Na caracterización das súas fases mantéñense as medidas propostas inicialmente para reducir os efectos sobre o medio polo que non se prevén novos efectos ambientais.

c) Ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei

Non se agardan efectos ambientais significativos tendo en conta que se propón condicionar a ordenación detallada do ámbito tendo en conta a presenza do Camiño de Santiago.

d) Parque Empresarial de Seixalbo – Cumial

Conleva efectos ambientais positivos dado que exclúe zonas residenciais inicialmente afectadas. Mantén as medidas correctoras inicialmente previstas e relativas a paisaxe, patrimonio natural e patrimonio cultural

e) Parque Empresarial Bueu- Castiñeiras

A modificación implica efectos ambientais positivos, dado que o novo emprazamento dispón xa na actualidade de boa accesibilidade a través do Corredor do Morrazo e posibilitase a recuperación dun espazo degradado como a canteira.

f) Parque Empresarial de Moaña

Agárdanse efectos ambientais positivos en materia de paisaxe e patrimonio cultural posto que na modificación se exclúen zonas de maior altitude, con maior pendente e / ou vexetación de maior valor.

Para todas as áreas empresariais modificadas establécense medidas co obxecto de previr e reducir os efectos sobre o medio (apartado 7 do ISA) que, segundo o caso, coinciden coas inicialmente previstas no PSOAEG ou se incorporan como novas; **as medidas preventivas e correctoras propostas semellan axeitadas, sen prexuízo da viabilidade ambiental e/ou determinacións que se establezan no proceso de avaliación ambiental estratéxica ao que debe someterse o planeamento que desenvolva cada área empresarial.**

**MODIFICACIÓN Nº 1 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**
**1.3 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO**

O 11 de xullo de 2017, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo subscribe o informe correspondente da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Neste informe fanse suxerencias que se atopan fora ou superan as que son obxecto desta Modificación Puntual Nº 1, logo resultaría necesaria a tramitación dunha segunda modificación puntual do PSOAEG na que se recollan as modificacións suxeridas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (apartados B1, B2, B4, B5, B6, B7 e B8 do informe).

En relación coa Modificación Nº 1 do PSOAEG indícase:

a) Plan de sectorización de Erzana (Cambre)

*“Acreditarase a fase de tramitación na que se atopa o Plan de Sectorización aos efectos da DTIª.2 .b) e DT2ª da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG) xa que, de non ter acadada a aprobación inicial, seralle de aplicación a estes terreos o réxime do solo rústico e o plan de desenvolvemento non poderá continuar a tramitación iniciada. Por conseguinte, cómpre facer constar que mentres non se recolla o sector no planeamento xeral coa clasificación axeitada, este ámbito deberá desenvolverse, de ser o caso, mediante a aprobación dun proxecto sectorial”.*

Non consta a aprobación inicial do Plan de Sectorización, polo que aos terreos delimitados seralle de aplicación o réxime do solo rústico.

Faise constar que mentres non se recolla no planeamento xeral a clasificación axeitada, o ámbito deberá desenvolverse de ser o caso mediante a aprobación dun Proxecto Sectorial (apartado 7.3.2 “Determinacións particulares para a corrección de erros do PLAN DE SECTORIZACIÓN (ERZANA, S.L.)”.

En todo caso aos efectos de aplicación do presente documento mantense o nome da modificación do ámbito como plan de sectorización de Erzana.

b) Parque Empresarial das Encrobas 1 y 2 (Cerceda)

*“No artigo 19 da normativa do PSOAEG indícase que, por tratarse dunha actuación incluída como resultado da información pública, someterase a un procedemento de avaliación ambiental ordinario, requisito que cómpre manter para o desenvolvemento das dúas actuacións resultantes para o caso de que se decida que a modificación puntual se someta á avaliación ambiental estratéxica simplificada”*

Faise constar a necesidade de someter o desenvolvemento da área a necesidade de someter o correspondente proxecto a avaliación ambiental ordinaria (apartado 7.3.3 Determinacións particulares para a modificación O PARQUE EMPRESARIAL DE ENCROBAS)

c) PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI

*“Para unha axeitada articulación co planeamento vixente, evitarse que entre a nova delimitación e a fase 1 se manteñan ámbitos illados de solo rústico e solo urbano consolidado de uso residencial”*

En relación a esta indicación indicar que o ámbito que queda entre o parque empresarial existente e a delimitación proposta se atopa ocupada por una edificación preexistente de uso residencial, o que resultaría incompatible co uso que se pretende. Neste caso óptase por mellorar a viabilidade do futuro desenvolvemento de cara a non incluír “a priori” usos incompatibles cos previstos.

d) PARQUE EMPRESARIAL DE SEIXALBO – O CUMIAL

*“No artigo 19 da normativa do PSOAEG indícase que, por tratarse dunha actuación incluída como resultado da información pública, someterase a un procedemento de avaliación ambiental ordinario, requisito que cómpre manter para o desenvolvemento das dúas actuacións resultantes”*

Faise constar a necesidade de someter o desenvolvemento da área a necesidade de someter o correspondente proxecto a avaliación ambiental ordinaria (apartado 7.3.5 Determinacións particulares para a modificación do PARQUE EMPRESARIAL SEIXALBO - O CUMIAL)

e) PARQUE EMPRESARIAL DE BUEU – CASTIÑEIRAS (BUEU)

*“Considérase positiva a supresión da zona sur do ámbito, con forte incidencia nun corredor ecolóxico do POL. Non obstante, mantense a incidencia na zona norte. Cómpre sinalar que, dada a superficie afectada, a súa cesión como espazo libre pode comprometer a viabilidade da delimitación”*

f) PARQUE EMPRESARIAL DE CANGAS (CANGAS)

*“Requirirase unha especial análise da orografía, tendo en conta as fortes pendentes que caracterizan este ámbito”*

Faise a oportuna referencia no apartado 7.3.6 6 Determinacións particulares para a modificación do PARQUE EMPRESARIAL BUEU-CASTIÑEIRAS (AMPL).

g) PARQUE EMPRESARIAL DE MOAÑA

*“Actualizaranse na modificación as referencia ao planeamento vixente en Moaña, no que se ten integrado a delimitación do PSOAEG como solo urbanizable.*

*Non constan na modificación do plan sectorial determinacións que vinculen ao PXOM e que regulen a situación do solo clasificado polo PXOM como urbanizable ao abeiro do PSOAEG vixente que, coa modificación proposta, deixan de estar dentro da delimitación do ámbito do plan sectorial.*

*No artigo 19 da normativa do PSOAEG indícase que, por tratarse dunha actuación incluída como resultado da información pública, someterase a un procedemento de avaliación ambiental ordinario, requisito que cómpre manter para a nova delimitación proposta.*

*Requirirase unha especial análise da orografía, tendo en conta as fortes pendentes que caracterizan este ámbito, cunha importante parte da súa superficie por riba do valor do 25% que o propio PSOAEG estima como límite para a implantación de parques empresariais (apartado V.3.1.1.2 do PSOAEG)”*

Actualízase a referencia ao planeamento vixente e á súa clasificación.

Faise constar a necesidade de someter o desenvolvemento da área a necesidade de someter o correspondente proxecto a avaliación ambiental ordinaria e faise a oportuna referencia da necesidade de realizar unha especial análise da orografía (apartado 7.3.7 Determinacións particulares para a modificación do PARQUE EMPRESARIAL MOAÑA)



**1.4 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL**

O 19 de xullo de 2017, a Directora Xeral do Patrimonio Cultural subscribe informe no que de xeito resumido se realizan as seguintes observacións:

**a) PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI**

*“Adoptaranse as medidas contidas nos apartados 7.4 e 7.5. do DEA*

*A afección ao Camiño poderá provocar condicións na ordenación dunha franxa de terreo que teña suficiente amplitude para garantir a súa protección.*

*Por ser unha área incorporada tras a exposición pública do PSOAEG o seu desenvolvemento someterase ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinario nas condicións que establece a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental.”*

**b) PARQUE EMPRESARIAL SEIXALBO – O CUMIAL (OURENSE)**

*“Atópase na franxa de amortecemento de 500 m establecida na análise de viabilidade, contados desde o límite exterior da zona de protección integral do Camiño, para permitir, no seu caso, en dita zona de transición, a integración da área empresarial no seu contorno .*

*Aplicaranse as medidas descritas nos apartados 7.4 e 7.5 e as que se establezan no PXOM de Ourense. Analizarse a potencialidade arqueolóxica do topónimo Sansillado, emprazado ao norte do ámbito”*

*“(…) detectouse, ademais da afección ao Camiño de Santiago, Ruta da Prata, a presenza de núcleos no interior do ámbito que poden contar con elementos pertencentes ao patrimonio cultural (unha das zonas residenciais se desafecta para facilitar o desenvolvemento da área industrial).*

*A LPCG sinala no seu artigo 10, dentro das categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados, o lugar de valor etnolóxico: o ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropológico.*

*Atenderase á posible existencia de elementos posuidores destes valores dentro dos núcleos afectados.*

*O artigo 81.2 da LSG establece que os instrumentos de planeamento deberán conter obrigatoriamente un catálogo no que se prevexan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos. O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.*

*Polo tanto, haberá que atender aos elementos recollidos nas figuras de planeamento de aplicación en cada unha das áreas para detectar e non afectar aos elementos obxecto de conservación.*

*Atenderase tamén á determinación 9.3 das DOT xa exposta con anterioridade, segundo a cal deberase identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección”*

**c) PARQUE EMPRESARIAL DE CANGAS**

*“Aplicaranse as medidas descritas no apartado 7.4.”*

**d) PARQUE EMPRESARIAL DE MOAÑA (MOAÑA)**

*“No estudo da viabilidade desta actuación deberá terse en conta a redelimitación do eido.*

*A ordenación do eido integrará na medida do posible á vexetación existente, vinculándoa ás cesións de zonas verdes e espazos libres, co fin de fomentar a conectividade biolóxica .*

*Aplicaranse as medidas descritas no apartado 7.5.”*

**e) OBSERVACIÓNS XERAIS**

*“En cumprimento desta determinación , antes de levar a cabo calquera actuación sobre o territorio, deberase realizar a antedita prospección co obxecto de identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección dentro do núcleo. Toda vez identificados, deberanse delimitar os bens e o seu contorno de protección para a súa inclusión no catálogo e a súa representación nos planos de ordenación. O contorno de protección dos bens inmobles de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Na declaración de ben de interese cultural ou na catalogación do ben estableceranse as limitacións de uso e os condicionantes necesarios para a salvagarda do dito contorno de protección, sen que iso supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado”*

*“Respecto dos elementos patrimoniais rexistrados na ficha de cada unha das áreas, compre destacar as afeccións ao Camiño de Santiago:*

*Tendo en conta a elevada cantidade de tráfico e a presenza de vehículos pesados que se concentran nas áreas industriais, e dada a coincidencia co ámbito de afección do Camiño, o cal se configura como unha ruta de uso principalmente peonil que atravesa o territorio, haberá que prestar especial atención a garantir o uso da área polo peón en condicións de seguridade.*

*Deberase acadar unha axeitada naturalidade no tratamento das zonas libres, en consonancia coas características paisaxísticas e ambientais desexables para o Camiño. Neste sentido, procura rase manter as zonas verdes existentes e garantir un mínimo de vexetación no resto. Procurarase acadar unha axeitada continuidade establecendo entre elas corredores verdes que axuden á integración das áreas industriais na paisaxe natural, e ofrezan unha contorna natural e recollida, contribuíndo á naturalidade da área, o que resulta favorable para as condicións do territorio histórico do Camiño de Santiago. Para todo isto procurarase incorporar as masas arbóreas existentes na ordenación de cada unha das áreas empresariais, vinculándoa ás cesións de zonas verdes e espazos libres.*

*As pavimentacións realizadas sobre a traza ateranse en todo momento a minimizar o impacto paisaxístico sobre a contorna do Camiño, procurando solucións e acabados que acaden unha boa integración na paisaxe natural.*

*Te rase en conta que segundo o artigo 47 LPCG, “son elementos funcionais dos Camiños de Santiago os que forman parte da súa fisionomía como peches, muros, ribazos, va/os, pasos, ponte/las, pontes, fontes , lavadoiros ou espazos similares, así como os destinados á súa conservación e servizo e os que sexan*

**MODIFICACIÓN Nº 1 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

*necesarios para o seu uso" para, de ser o caso, garantir a conservación destes elementos. Prestarase especial atención a que, de seren necesarios*

*cambios de sección ou ampliación de viais para o novo uso industrial, se evite a afección aos elementos citados.*

*Coidaranse as masas arbóreas existentes cando se atopen no ámbito de protección de elementos de valor patrimonial obxecto de protección, especialmente cando se trate de especies autóctonas"*

*"CANTO AO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO, e debido á potencia lidade arqueolóxicas das áreas nas que se desenvolven os parques empresariais que nos ocupan, deberá realizarse, de acordo coa determinación excluínte 9.3 das DOT, prospeccións arqueolóxicas intensivas dos seus ámbitos e zonas limítrofes.*

*Estas prospeccións deberán ser autorizadas pola Consellería de Cultura segundo o establecido no artigo 96.1 da LPCG.*

*No caso de atoparse novos bens, se realizará o correspondente catálogo, se determinarán os contornos de protección e se establecerá normativa de protección, de acordo co artigo 35 da LPCG. Establecerase que calquera actuación que conleve remocións de terras e se realice no contorno de protección dos bens arqueolóxicos catalogados deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura, segundo o artigo 45 .1.e da LPCG.*

*No Parque empresarial Bueu-Castiñeiras-Ampliación, atópanse tres mámoas ao carón das novas áreas delimitadas e un petróglifo moi preto da contorna inmediata. Tomaranse as medidas cautelares necesarias para evitar o deterioro de calquera destes elementos. Respecto da Mámoa de Tomada de Martínez 2 e dada a proximidade da delimitación da modificación formulada, extremaranse as medidas de protección de xeito que o desenrolo da nova área non afecte ao dito elemento.*

*En calquera caso, no desenvolvemento de cada unha das áreas empresariais, todas aquelas intervencións (proxectos de urbanización, construción de novas naves, etc) que poidan afectar aos bens aos que se refire a LPCG, así como, no seu caso, no seu ámbito de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural"*

*Adóptanse as medidas de que son obxecto o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En relación ás medidas a adoptar referidas nos apartados 7.4 e 7.5, refírense ás indicadas no ISA do documento do PSOAEG.*

**1.5 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

O Servizo de innovación Tecnolóxica da Acuicultura da Consellería do Mar emite informe coas seguintes observacións:

*"Dos seis parques empresariais obxecto da modificación, o Parque empresarial Bueu - Castiñeiras - ampliación (PEIM) (Cangas-Bueu) e o Parque empresarial Moaña (Moaña) están situados no ámbito do Plan de Ordenación do Litoral (POL) aprobado polo Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que no documento ambiental estratéxico da modificación debería terse en conta que:*

*2.1. Con respecto á planificación actual da acuicultura, o Consello da Xunta de Galicia do 26 de maio de 2011 declarou a acuicultura como de interese público de primeiro orden e, posteriormente, o 18 de outubro de 2012 aprobou a Estratexia Galega da Acuicultura (ESGA) de cara a impulsar e promover o desenvolvemento da acuicultura en Galicia.*

*No marco da ESGA estase elaborando entre outros o Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia (PDAL). O ámbito deste plan é concorrente co do Plan de Ordenación do Litoral (POL), O PDAL atópase en fase de tramitación. A información dispoñible nestes intres sobre o PDAL poder ser consultada na seguinte url: <http://www.intecmar.gal/esga/Documentacion.aspx>.*

*Por outra parte, as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, establecen que :*

*o Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico terán presentes, na formulación das súas propostas de ordenación, o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura.*

*o A Xunta de Galicia elaborará un plan específico para a ordenación da acuicultura en terra, denominado como Plan Sectorial de Acuicultura en terra. Este plan establecerá as previsións e posibles localizacións de plantas de acuicultura a partir da capacidade de acollida do territorio, é dicir, localizacións que cumpran os requisitos de sostibilidade respectando as limitacións derivadas doutras funcións produtivas e turísticas, e da protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos e do patrimonio cultural.*

*2.2. Por outra parte, mentres non se aprobe o PDAL, a Orde do 15 de marzo de 2012, conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre (DOG nº 66 do 4 de abril de 2012) establece o réxime aplicable para os establecementos en virtude da normativa vixente. En concreto a norma establece que as zonas contínuas situadas nos niveis 1 e 2 do POL son aptas para o desenvolvemento de actividades de acuicultura. No visor cartográfico do PDAL (<http://visoresga.cmati.xunta.es/esga/xeoport.html>) pódese observar o nivel de protección con respecto ás determinacións do PDAL.*

*Por todo elo consideramos que no Documento Ambiental Estratéxico deberíanse analizar os efectos previsibles deste plan sobre a ESGA e o PDAL, por ser concorrentes co ámbito territorial de algunha das actuacións previstas na modificación nº 1 do PSOAEG. A tecnoloxía actual permite que podan ser desenvolvidas actividades acuícolas, continentais e mariñas, en zonas non próximas ás masas de auga, sendo a zona empresariais e industriais óptimas para determinados acuícolas."*

*Tendo en conta o indicado, cabe indicar que a actuación correspondente ao Parque Empresarial de Moaña se atopa fora da delimitación do POL e logo fora do ámbito do Plan Director de Acuicultura Litoral*

de Galicia.

Con relación ao Parque Empresarial Bueu – Castiñeiras, referir que o Plan Director refire os seguintes datos con relación ao ámbito delimitado presenta un índice de aptitude tecnolóxica moi baixa segundo o Plan Director.

O índice de aptitude tecnolóxica pon en consideración todas as características técnicas idóneas que debe reunir un lugar para localizar unha instalación acuícola na actualidade, e sendo esta moi baixa segundo o Plan Director, para o ámbito de Bueu – Castiñeiras, debe indicarse que as potencialidades no sector son escasas para o ámbito, non tendo efectos previsibles sobre a ESGA e o PDAL.

#### 1.6 ALEGACIÓN PRESENTADA POLO REPRESENTANTE DO MONTE VECIÑAL DE VECIÑOS DE ALDÁN

Achégase por parte do representante da comunidade de montes veciñais en man común de Aldán copia da Sentenza de 9 de xuño de 2017 recaída pola demanda do Xuizo Ordinario sobre reivindicatoria de montes veciñal en man común interposta polo Procurador Sr. Escariz Vázquez, actuando en nome e representación de JOSÉ BERMÚDEZ DO CAMPO, actuando no seu propio nome e dereito e en beneficio de todos os veciños da parroquia de Aldán (Cangas) que conforman a comunidade de montes veciñais en man común de Aldán, contra as mercantís PROMALAR S.L., TEMPO LIBRE E LECER 2000 S.L., GERIATROS S.A., contra o CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO e contra o AYUNTAMIENTO DE CANGAS.

A Sentenza recaída na data 9 de xuño de 2017 contén o seguinte FALLO:

*“Desestimar la demanda interpuesta por el Procurador Sr. Escariz Vázquez, actuando en nombre y representación de JOSÉ BERMÚDEZ DO CAMPO, actuando en su propio nombre y derecho y en beneficio de todos los vecinos de la parroquia de Aldán (Cangas) que conforman la Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común de Aldán, y absolver a las partes demandadas de las pretensiones formuladas frente a las mismas, todo ello con imposición de costas a la parte demandante”*

Á vista da sentenza recaída ante a demanda interposta polos representantes dos veciños do monte en man común, a alegación presentada non ten influencia sobre o desenvolvemento da Modificación Nº 1 do PSOAEG.

**1.7 INFORME DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (SERVIZO DE MONTES)**

O 27 de xullo de 2017 e fora do prazo de consultas e con posterioridade ao envío do Informe Ambiental estratéxico o Servizo de Montes da Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería do Medio Rural emite informe en relación coas delimitacións propostas nesta Modificación do Plan de Sectorización de Erzana e do Parque Empresarial das Encrobas.

Para ambas delimitacións o Servizo de Montes non expresa ningún impedimento recordando a necesidade de lembrar as limitacións establecidas na normativa forestal e de prevención de incendios para as actividades que se desenvolvan en torno a parques e instalacións forestais, que en todo caso terán en conta, como parte da normativa de aplicación os documentos que desenvolvan os ámbitos delimitados na presente Modificación.

**ANEXO 01: INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO**



**RESOLUCIÓN DO 17 DE AGOSTO DE 2017 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN NÚM.1 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Promotor: Instituto Galego de Vivenda e Solo  
 Órgano substantivo: Consellería de Infraestruturas e Vivenda  
 Expediente: 2017AAE2044  
 Código web: 1945/2017

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

**ANTECEDENTES**

1. O 30.04.2014 o Consello da Xunta aprobou definitivamente o *Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia* (en diante PSOAE). Na súa tramitación foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica.
2. O día 12.05.2017 recibíuse no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación nº 1 do PSOAE. Achegaba un documento ambiental estratéxico e o borrador do planeamento.
3. O 16.05.2017 esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos, a través da súa sede electrónica e por un prazo de 45 días hábiles. Ao mesmo tempo consultouse tamén aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, regula o procedemento administrativo de avaliación ambiental estratéxica daqueles plans e programas que elabore ou aprobe unha administración pública e poidan ter efectos significativos sobre o ambiente.
2. O artigo 6.2.a) da dita Lei 21/2013 establece que cómpre someter ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores de plans e programas que son obxecto de avaliación ambiental ordinaria.
3. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a dita Secretaría Xeral pasou a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS**

**1. Características da Modificación puntual**

Obxecto: favorecer o desenvolvemento e execución de cinco áreas empresariais recollidas no PSOAE (Encrobas, Palas de Rei, Seixalbo-Cumial, Bueu-Castiñeiras e Moaña) e corrixir o erro detectado na localización do parque de Erzana (Cambre).

Ámbitos de actuación e proposta:

- |   |  |  |
|---|--|--|
| <p><b>A) Plan de sectorización Erzana, S.L.</b> (36.796 m<sup>2</sup>; cód'.15017031), en Cambre:</p> | <p><b>B) Parque empresarial de Encrobas</b> (1.488.113 m<sup>2</sup>; cód.15024041), en Cerdeda:</p> | <p><b>C) Parque empresarial de Palas de Rei:</b></p> |
|---|--|--|



Proposta:



Proposta:



Proposta:



- |  |   |   |
|--|---|---|
| <p><b>D) Parque empresarial Seixalbo-O Cumial</b> (942.950 m<sup>2</sup>; cód.32054031), no concello de Ourense:</p> | <p><b>E) Parque empresarial Bueu-Castiñeiras-ampliación</b> (412.238 m<sup>2</sup>; cód.36004011), proposto como ampliación do existente:</p> | <p><b>F) Parque empresarial de Moaña</b> (435.528 m<sup>2</sup>; cód.36029011):</p> |
|--|---|---|



Proposta:



Proposta:



Proposta:



1 Códigos das áreas empresariais utilizados no PSOAE





**Proposta:**

- A) Modificar o emprazamento do Plan de sectorización Erzana (Cambre) desprazándoo 300 metros cara o sur.
- B) Excluir da delimitación do parque empresarial de Encrobas (Cerceda) o trazado da liña de ferrocarril e dividilo en dúas fases denominadas Parque empresarial Encrobas I (828.495 m<sup>2</sup>; cód.15025041) e Parque empresarial Encrobas II (440.588 m<sup>2</sup>; cód.15024042), esta última con programación diferida.
- C) Ampliar o solo empresarial dispoñible no parque empresarial de Palas de Rei delimitando unha nova fase (III) con 42.280 m<sup>2</sup> de superficie ao leste da fase I do polígono.
- D) Modificar a delimitación do parque empresarial de Seixalbo (Ourense) para axustalo ao parcelario catastral existente e ao límite oficial co concello de San Cibrao das Viñas así como para excluir áreas de usos residenciais. Redúcese a superficie delimitada de 942.950 m<sup>2</sup> a 693.794 m<sup>2</sup>, sen afectar novo solo.
- E) Dividir en dúas fases o parque empresarial Bueu-Castifeiras ampliación (PEIM) para posibilitar o seu desenvolvemento de forma individualizada por parte dos concellos afectados (Bueu e Cangas). A actuación proposta en Bueu (ao norte do corredor do Morrazo) mantense como ampliación do parque existente con 188.123 m<sup>2</sup>, mentres que a actuación que afecta a terreos do concello de Cangas (ao sur do corredor) trasládase a un novo emprazamento (canteira situada 1 km cara o oeste) e pasa a denominarse Parque empresarial de Cangas (74.138 m<sup>2</sup>; cód.36008011)
- F) Reducir a superficie do parque empresarial de Moaña nun 35%, pasando de 435.528 m<sup>2</sup> a 283.193 m<sup>2</sup>, para adaptar o ámbito do parque á topografía da zona e excluir zonas con valores naturais. Recórtase o ámbito inicial polos bordes norte, este e oeste, e incorpórase unha pequena bolsa de solo no extremo sur.

Como consecuencia das modificacións propostas varios documentos do PSOAEAG sofren variacións: *Proposta de estratexia de desenvolvemento do PSOAEAG* (DOC VI); *Estudo de viabilidade económica* (DOC X); *Informe de sustentabilidade ambiental* (DOC XI); *Cartografía e planos* (DOC XII); *Relación co patrimonio cultural e anexo I fichas* (DOC XIV).

No apartado 7.11 do Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) do PSOAEAG (DOC XI) mantéñense e/ou incorpóranse medidas específicas para previr e reducir os efectos sobre o medio nas áreas empresariais modificadas ou creadas; para aquelas áreas incorporadas tras a exposición pública do PSOAEAG (PS Erzana, PE Encrobas I, PE Encrobas II, PE Palas de Rei fase III, PE Seixalbo, PE Cangas, PE Moaña) condiciónase o seu desenvolvemento a que se sometan ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinario nas condicións que establece a Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

**2. Características ambientais da área probablemente afectada**

- A) **Plan de sectorización Erzana:** o novo ámbito atópase nunha área antropizada na que predomina o uso industrial, pois é lindeiro co polígono industrial de Espírito Santo, e conta con boa accesibilidade a vías de alta capacidade (N-VI, autoestrada, Vía Ártabra); está afectado case na súa totalidade pola zona de policía dun curso fluvial próximo, nunha zona que o mapa topográfico identifica como O Lameiro; no cálculo da nova matriz de análise de viabilidade obtén unha puntuación moi alta para o seu desenvolvemento (88 puntos sobre 100), moi similar á da delimitación anterior (91).
- B) **Parque empresarial de Encrobas:** ámbito emprazado entre o polígono industrial de Acebedo e a planta de tratamento de residuos de Sogama; a liña de ferrocarril de alta velocidade separa as dúas actuacións propostas coa Modificación do PSOAEAG:

- Encrobas I, ao oeste da liña ferroviaria, está atravesado por varios cursos de auga (rego das Fontiñas, rego Porto Pereira)
- Encrobas II, ao leste da liña ferroviaria, está atravesado polo rego das Fontiñas e un rego innominado; 300 m cara o leste atópanse as mámoas Monte de Patin 1 (GA15024009) e Monte do Patin 2 (GA15024008)
- C) **Parque empresarial de Palas de Rei:** ampliación proposta (fase III) do parque empresarial existente, linda coa estrada nacional N-547 e vese afectada polo ben de interese cultural (BIC) Camiño de Santiago Francés; trátase dun ámbito de relevo chan, ocupado fundamentalmente por vexetación herbácea.
- D) **Parque empresarial Seixalbo-Cumial:** ámbito situado ao sur da cidade de Ourense, nunha área bastante antropizada e caracterizada pola proximidade do polígono industrial de San Cibrao das Viñas; a traza do Camiño de Santiago – Ruta da Prata discorre en dirección SE-NW ao oeste do ámbito; segundo informa a D.X. do Patrimonio Cultural, atópanse dentro do ámbito o Petroglifo 3 de Seixalbo (GA32054058) e o Petroglifo 2 de Seixalbo, ámbolos dous BIC en aplicación da Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia, e na contorna próxima está o Petroglifo 1 de Seixalbo (GA32054056) e a Torre Vella (GA32054043); a nova matriz de viabilidade calculada non se ve afectada (90 sobre 100).
- E) **Parque empresarial Bueu-Castifeiras-ampliación:** ámbito proposto inicialmente no PSOAEAG como ampliación do polígono existente e que coa Modificación se converte en dúas actuacións separadas:
  - parque empresarial Bueu-Castifeiras-ampliación (Bueu); situado ao norte do Corredor do Morrazo (VG-4.6) afecta a un corredor ecolóxico do POL asociado ao rego Nosedo e á área de ordenación litoral; na contorna da ampliación (200 m) atópase o Petroglifo das Abelaires e dentro do actual parque empresarial de Bueu-Castifeiras as mámoas de Tomada de Martínez 1 (GA36004003), 2 (GA36004018) e 3 (GA36004039).
  - parque empresarial de Cangas; na actualidade parte dos terreos están ocupados por unha canteira, posibilitando a súa recuperación ambiental e paisaxística; está ben comunicado a través do Corredor do Morrazo e sitúase na área de ordenación litoral do POL; na contorna próxima (200 m) atópase a Capela de San Amaro e Santo Mauro e o asentamento Abrigos de San Amaro; as condicións xeolóxicas e xeotécnicas poden ser desfavorables.No cálculo das novas matrices de viabilidade ambas actuacións acadan unha puntuación de 73 sobre 100.
- F) **Parque empresarial de Moaña:** o ámbito que o PSOAEAG delimita inicialmente nos montes de Moaña (en Pouso da Maceira, entre 300 m e 400m de altitude, na zona limítrofe co concello de Marín) redúcese coa proposta da Modificación excluindo as zonas con maior pendente e con masas arboradas autóctonas (este e oeste) e altitude (norte) ao tempo que se amplía cunha pequena bolsa de solo no sur; 200 m ao norte do ámbito atópase a Mámoa de Marín (GA36026054); 150 m ao sueste está a área deportiva pública do Beque (SDD-3.1); o ámbito atópase inserido no espazo natural nº 19 “Montes do Morrazo” delimitado polas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial; no PXOM vixente o solo está clasificado como urbanizable (SUR-D-1-1); coa nova proposta de delimitación a matriz de viabilidade non se altera (62/100).

**3. Período de exposición pública e consultas previas**

Durante este período recibíronse observacións e suxestións por parte de tres órganos administrativos e dous particulares, que se resumen a continuación:

**Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**

- Plan de sectorización Erzana (Cambre): acreditarase a fase de tramitación na que se atopa o Plan de sectorización aos efectos da DT1ª.2.b) e DT2ª da LSG, xa que de non ter acadada a





aprobación inicial seralle de aplicación aos terreos o réxime do solo rústico e o plan de desenvolvemento non poderá continuar a tramitación iniciada. Cómpre facer constar que mentres non se recolla o sector no planeamento xeral coa clasificación axeitada o ámbito deberá desenvolverse, de ser o caso, mediante a aprobación dun proxecto sectorial.

- Parque empresarial de Encrobas (Cerceda) e Parque empresarial de Seixalbo-Cumial (Ourense): no artigo 19 da normativa do PSOAEAG indicase que, por tratarse de actuacións incluídas despois da información pública, someteranse a un procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria; este requisito cómpre mantelo.
- Parque empresarial de Palas de Rei: para unha axeitada articulación co planeamento vixente, evitarase que entre a nova delimitación e a fase I se manteñan ámbitos illados de solo rústico e solo urbano consolidado de uso residencial.
- Parque empresarial Bueu-Castiñeiras: considérase positiva a supresión da zona sur do ámbito, con forte incidencia nun corredor ecolóxico do POL. A ampliación que se mantén na zona norte afecta tamén a un corredor do POL, e dada a superficie afectada a súa cesión como espazo libre pode comprometer a viabilidade da delimitación.
- Parque empresarial de Cangas: requirirase unha especial análise da orografía, tendo en conta as fortes pendentes que caracterizan este ámbito.
- Parque empresarial de Moaña:
  - actualizaranse as referencias ao planeamento vixente en Moaña;
  - non constan na Modificación do PSOAEAG determinacións que vinculen ao PXOM e que regulen a situación do solo clasificado polo PXOM como urbanizable ao abeiro do PSOAEAG vixente que, coa modificación proposta, deixan de estar dentro da delimitación do ámbito;
  - no artigo 19 da normativa do PSOAEAG indicase que, por tratarse de actuacións incluídas despois da información pública, someteranse a un procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria; este requisito cómpre mantelo para a nova delimitación proposta;
  - requirirase unha especial análise da orografía tendo en conta as fortes pendentes que caracterizan o ámbito, cunha importante parte da súa superficie por riba do 25% que o propio PSOAEAG estima como límite para a implantación de parques empresariais (apartado V.3.1.1.2 do PSOAEAG).
- Consideracións xerais sobre o PSOAEAG: á vista das diversas ambigüidades suscitadas na interpretación e aplicación do PSOAEAG, aproveita para trasladar algunhas cuestións e solicita, para maior seguridade xurídica, a súa regulación no Plan sectorial.

#### Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

- En cumprimento da determinación 9.3 das DOT, antes de levar a cabo calquera actuación sobre o territorio deberase realizar unha prospección co obxecto de identificar con precisión todos os bens patrimoniais con valores merecedores de protección.
- Destacar as posibles afeccións ao Camiño de Santiago, polo que na súa ordenación cómpre adoptar algunhas medidas protectoras e correctoras.
- No parque empresarial Seixalbo-Cumial (Ourense) atenderase á posible existencia de elementos do patrimonio cultural merecedores de protección nos núcleos afectados.
- Coidarase que os novos accesos ou modificación dos existentes en cada un dos parques empresariais non supoñan afección aos elementos patrimoniais.
- No desenvolvemento de cada unha das áreas empresariais, todas aquelas intervencións (proxectos de urbanización, construción de novas naves, etc.) que poidan afectar bens do patrimonio cultural, así como o seu ámbito de protección ou a súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería sectorial competente.

#### Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura

Signala que se deberían analizar os efectos previsibles sobre a Estratexia Galega da Acuicultura (ESGA) e o Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia (PDAL) que está en tramitación, por ser concorrentes co ámbito territorial dalgunha das actuacións previstas na modificación do PSOAEAG.

Un particular plantexa unha dúbida e suxestión sobre a expropiación dos terreos no parque empresarial de Seixalbo-Cumial.

Outro particular manifesta que parte do terreo delimitado como área empresarial no concello de Cangas (polígono de Castiñeiras) forma parte integrante do monte veciñas que pertence aos veciños de Aldán e que se interpuxo no xulgado unha demanda que pretende declara como propiedade destes veciños o devandito monte.

#### **4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013**

Con esta Modificación do PSOAEAG preténdese favorecer o desenvolvemento e execución de seis áreas empresariais recollidas no PSOAEAG: Encrobas (Cerceda), Palas de Rei, Seixalbo-Cumial (Ourense), Bueu-Castiñeiras-ampliación (Bueu e Cangas) e Erzana (Cambre).

O Plan sectorial aprobado no seu momento estableceu o marco para a futura autorización de proxectos, como é a planificación do desenvolvemento de áreas empresariais de ámbito supramunicipal na Comunidade Autónoma de Galicia. A Modificación que agora se tramita límitase a modificar o desenvolvemento e/ou o ámbito dalgunhas áreas empresariais inicialmente delimitadas: dividíndoas en dúas actuacións (Encrobas e Bueu-Castiñeiras), reducindo o seu ámbito (Encrobas, Seixalbo-Cumial e Moaña) ou ampliándoo (Palas de Rei) así como corrixindo o seu emprazamento (Erzana e Cangas). As modificacións propostas non se consideran relevantes para a integración de consideracións ambientais no PSOAEAG nin para a implantación da lexislación en materia de medio ambiente.

En termos xerais, coas modificacións propostas non se agardan efectos ambientais significativos atendendo ás seguintes consideracións:

- Co cambio de emprazamento do PS Erzana -trasládase a unha zona moi próxima da inicialmente proposta e lendeira cun polígono industrial xa existente- non se prevén *a priori* efectos ambientais significativos; considérase positivo que na caracterización da área empresarial (apartado XI.3.1 do borrador e XI.7.11 do PSOAEAG) estea previsto realizar un estudo hidrolóxico e vincular os cursos de auga ás dotacións de espazos libres e zonas verdes, co obxectivo de preservar as súas funcións ecolóxicas.
- As modificacións propostas na área empresarial de Encrobas non implican a ocupación de novo solo senón que, pola contra, se reduce o ámbito inicialmente proposto eliminando solo afectado por lexislación sectorial (ferrocarril); na caracterización das dúas fases nas que se divide a área empresarial mantéñense as medidas propostas inicialmente para reducir os efectos sobre o medio (apartado XI.7.11); sendo así, non se prevén novos efectos ambientais.
- O ámbito delimitado como ampliación do parque empresarial de Palas de Rei non alberga valores ambientais destacables e entre as medidas propostas para reducir os efectos sobre o medio propónse condicionar a ordenación detallada do ámbito para minimizar a afección ao Camiño de Santiago, por todo elo non se agardan efectos ambientais significativos.
- A redución da superficie inicialmente delimitada do parque empresarial de Seixalbo-Cumial, sen afectar novo solo, conleva efectos ambientais positivos dado que exclúe zonas residenciais inicialmente afectadas; na caracterización da área empresarial (apartado XI.7.11) mantéñense as medidas correctoras inicialmente previstas e relativas á paisaxe, patrimonio natural e patrimonio cultural.
- O cambio na localización da área industrial que afecta a terreos do municipio de Cangas implica *a priori* efectos ambientais positivos, dado que o novo emprazamento dispón xa na actualidade de



boa accesibilidade a través do Corredor do Morrazo e posibilitase a recuperación ambiental dunha zona degradada como é a canteira; valóranse positivamente as medidas recollidas na caracterización da área empresarial (apartado XI.7.11)

- Coa redución do ámbito do parque empresarial de Moaña agárdanse efectos ambientais positivos en materia de paisaxe e patrimonio natural, posto que se exclúen as zonas de maior altitude, con maior pendente e/ou con vexetación de maior valor; non se identifican afeccións ambientais importantes coa pequena ampliación proposta no sur do ámbito.
- Para todas as áreas empresariais modificadas establécense medidas co obxecto de previr e reducir os efectos sobre o medio (apartado 7 do ISA) que, segundo o caso, coinciden coas inicialmente previstas no PSOAEG ou se incorporan como novas; as medidas preventivas e correctoras propostas semellan axeitadas, sen prexuízo da viabilidade ambiental e/ou determinacións que se establezan no proceso de avaliación ambiental estratéxica ao que debe someterse o planeamento que desenvolva cada área empresarial.

#### CUESTIÓNS DOCUMENTAIS

- A referencia no borrador ao apartado "XI.3 Medidas previstas para previr e reducir os efectos sobre o medio" corresponde no PSOAEG co apartado XI.7.
- A referencia no borrador ao apartado "XI.3.1 Caracterización das áreas empresariais" corresponde no PSOAEG co apartado XI.7.11.
- Actualizarase a referencia ao planeamento urbanístico vixente no concello de Moaña (PXOM aprobado definitivamente o 22.11.2016 (DOG do 21.12.2016).

#### PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propono non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación núm.1 do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2017

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental  
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

#### RESOLUCIÓN

Considerando a proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria** a *Modificación núm.1 do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia*.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ([www.cmaot.xunta.gal](http://www.cmaot.xunta.gal)); remitirase ao Instituto de Vivenda e Solo, xunto coa copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da Modificación do PSOAEG.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a Modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do planeamento.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

Ref.: OT-17-015

Asunto: MODIFICACIÓN Nº1 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIÁIS  
NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formula unha consulta sobre a modificación do Plan sectorial de ordenación das áreas empresarias de Galicia (PSOAE), dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da dita modificación.

A modificación do PSOAE ten por obxectivo favorecer o desenvolvemento e execución de determinadas áreas empresarias delimitadas no vixente PSOAE: concretamente, trátase da das Encrobas, Palas de Rei, Seixalbo-Cumial, Bueu-Castiñeiras e Moaña, así como de corrixir o erro detectado na delimitación do parque empresarial Erzana, no Concello de Cambre.

Unha vez examinada a documentación correspondente (consistente nun borrador e o documento ambiental estratéxico da modificación) e con respecto á súa adaptación ás competencias da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, fanse as seguintes consideracións:

#### A. CONSIDERACIÓNS SOBRE OS ÁMBITOS PROPOSTOS NA MODIFICACIÓN DO PSOAE

##### A.1. PARQUE EMPRESARIAL ERZANA (CAMBRE)

**Superficie:** Segundo a matriz de viabilidade, 34.949,94 m<sup>2</sup>

**Obxecto:** Trátase dunha ampliación de pequena entidade do Polígono industrial do Espírito Santo, xa en funcionamento. Segundo a memoria do documento, no PSOAE delimitouse erroneamente o ámbito do plan de sectorización en desenvolvemento, o que se pretende agora corrixir.

**Planeamento vixente:** NNSSPP aprobadas definitivamente o 20/07/1994.

**Clasificación do solo:** Apto para urbanizar SAU-I 4 (con plan de sectorización en tramitación segundo a memoria do documento).

**Afeccións:** O ámbito está atravesado por cursos de auga e afectado na súa práctica totalidade pola zona de policía do dominio público hidráulico. Asemade, o sector atópase de forma íntegra na zona de transición da reserva da biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

**Observacións:** Acreditárase a fase de tramitación na que se atopa o Plan de Sectorización aos efectos da DT1ª.2.b) e DT2ª da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG) xa que, de non ter acadada a aprobación inicial, seralle de aplicación a estes terreos o réxime do solo rústico e o plan de desenvolvemento non poderá continuar a tramitación iniciada. Por conseguinte, cómpre facer constar que mentres non se recolla o sector no planeamento xeral coa clasificación axeitada, este ámbito deberá desenvolverse, de ser o caso, mediante a aprobación dun proxecto sectorial.

##### A.2. PARQUES EMPRESARIAIS DAS ENCROBAS 1 E 2 (CERCEDA)

**Superficie:** Segundo a matriz de viabilidade, 828.495,03 m<sup>2</sup> e 440.588,07 m<sup>2</sup> respectivamente

**Planeamento vixente:** NNSSPP aprobadas definitivamente o 26/06/1996.

**Clasificación do solo:** Solo non urbanizable normal, non urbanizable de protección de ribeiras e encoros, non urbanizable de predomínio de masas forestais.

**Afeccións:** Augas e infraestruturas (AC-523).

**Obxecto:** A delimitación orixinal do Parque empresarial de Encrobas no PSOAE abrangía unha superficie de 1.488.113 m<sup>2</sup> de solo atravesada pola liña de FFCC de alta velocidade. A presente modificación propón a división do sector orixinal en dúas actuacións independentes (Encrobas 1 e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

Encrobas 2), reducindo a súa superficie inicial en 219.029,09 m<sup>2</sup> e excluindo o trazado ferroviario para favorecer o seu desenvolvemento. Á vista disto, non se afecta novo solo coa modificación, senón que se elimina solo afectado pola lexislación sectorial de ferrocarrís.

**Observacións:** No artigo 19 da normativa do PSOAE indícase que, por tratarse dunha actuación incluída como resultado da información pública, someterase a un procedemento de avaliación ambiental ordinario, requisito que cómpre manter para o desenvolvemento das dúas actuacións resultantes para o caso de que se decida que a modificación puntual se someta á avaliación ambiental estratéxica simplificada.

##### A.3. PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI FASE III

**Superficie:** Segundo a matriz de viabilidade, 42.280,56 m<sup>2</sup>.

**Planeamento vixente:** NNSSPP aprobadas definitivamente o 30/11/1994.

**Clasificación do solo:** Solo urbano, solo non urbanizable común e non urbanizable de protección agrícola e forestal.

**Obxecto:** A ampliación do parque empresarial de Palas de Rei, que foi desenvolvido en dúas fases (I e II).

**Afeccións do novo ámbito:** Augas, infraestruturas (N-547) e patrimonio (lindeiro co Camiño de Santiago Francés).

**Observacións:** Para unha axeitada articulación co planeamento vixente, evitarse que entre a nova delimitación e a da fase I se manteñan ámbitos illados de solo rústico e solo urbano consolidado de uso residencial.

##### A.4. PARQUE EMPRESARIAL DE SEIXALBO-O CUMIAL (OURENSE)

**Superficie:** Segundo a matriz de viabilidade, 693.793,87 m<sup>2</sup>

**Planeamento vixente:** PXOU aprobado definitivamente o 16/09/1986.

**Clasificación do solo:** Solo non urbanizable de protección forestal e canles pluviais, de estradas e solo non urbanizable de núcleos. O PXOU identifica no ámbito un sistema xeral militar (defensa).

**Obxecto:** Redelimitación do sector recollido no PSOAE para axustalo ao parcelario existente, desafectar zonas residenciais para facilitar o seu desenvolvemento e reaxustar a delimitación na zona que estrema co Concello de San Cibrao das Viñas ao límite oficial. Redúcese a superficie de 942.950 m<sup>2</sup> a 693.793,87 m<sup>2</sup> sen afectar novo solo.

**Afeccións:** Infraestruturas (a OU-0513 atravesa o sector).

**Observacións:** No artigo 19 da normativa do PSOAE indícase que, por tratarse dunha actuación incluída como resultado da información pública, someterase a un procedemento de avaliación ambiental ordinario, requisito que cómpre manter para o desenvolvemento das dúas actuacións resultantes

##### A.5. PARQUE EMPRESARIAL DE BUEU-CASTIÑEIRAS (BUEU)

**Superficie:** Segundo a matriz de viabilidade, 188.123,15 m<sup>2</sup>

**Planeamento vixente:** NNSSPP aprobadas definitivamente o 11/06/1986.

**Clasificación do solo:** Solo apto para urbanizar industrial e solo non urbanizable industrial.

**Obxecto:** Formúlase a partición do sector orixinal (que ocupaba terreos de Bueu e Cangas) en dúas actuacións independentes reducindo a superficie inicial en 149.977,04 m<sup>2</sup>. A delimitación do ámbito ao norte do corredor do Morrazo (VG-4.6), mantense inalterada e ocupa terreos do Concello de Bueu, agás



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

unha pequena bolsa pertencente ao Concello de Cangas. Pola contra, a parte do sector orixinal sita ao sur do corredor do Morrazo, no termo municipal de Cangas, elimínase

**Afeccións:** Augas e Infraestruturas (PO-1301, PO-1303 e V.G-4.6). Na zona de ordenación do POL e con afección a un corredor. Na contorna das mámoas de Tomada Martínez e do petróglifo das Abelaireas.

**Observacións:** Considérase positiva a supresión da zona sur do ámbito, con forte incidencia nun corredor ecolóxico do POL. Non obstante, mantense a incidencia na zona norte. Cómpre sinalar que, dada a superficie afectada, a súa cesión como espazo libre pode comprometer a viabilidade da delimitación.

#### A.6. PARQUE EMPRESARIAL DE CANGAS (CANGAS)

**Superficie:** Segundo a matriz de viabilidade, 74 138,52 m<sup>2</sup>

**Planeamento vixente:** NNSSPP aprobadas definitivamente o 11/06/1986.

**Clasificación do solo:** Solo non urbanizable de protección forestal e solo non urbanizable de protección dos espazos naturais.

**Obxecto:** Trátase dun novo ámbito delimitado como compensación pola redacción do anterior de Bueu-Castiñeriras.

**Afeccións:** Infraestruturas (PO-315 e V.G – 4.6). Na zona de ordenación do POL. Na contorna da Capela de San Amaro e Santo Mauro e o asentamento Abrigos de San Amaro. O novo ámbito delimitase sobre terreos ocupados por unha canteira.

**Observacións:** Requirirase unha especial análise da orografía, tendo en conta as fortes pendentes que caracterizan este ámbito.

#### A.7. PARQUE EMPRESARIAL DE MOAÑA

**Superficie:** segundo a matriz de viabilidade), 283 192,58 m<sup>2</sup>.

**Obxecto:** Reducir a delimitación do sector recollido no PSOAEG nun 35% da súa superficie, pasando de 435.528 m<sup>2</sup> a 283.192,58 m<sup>2</sup>. A nova actuación supón principalmente a redución de solo de norte a sur en toda a súa banda leste, así como parte do solo da zona oeste e incorpora unha pequena bolsa ao sur.

**Planeamento vixente:** PXOM aprobado definitivamente o 22/11/2016.

**Clasificación do solo:** Solo urbanizable delimitado industrial. SUR-D-I-1. Réxime xurídico aplicable: Solo urbanizable delimitado con aplicación íntegra do disposto no planeamento xeral.

**Afeccións:** Augas; infraestruturas (PO-313); na zona de ordenación do POL; parte dentro do límite dun monte veciñal en man común (id 2837, aprobación do 25/11/1981); a totalidade do ámbito está dentro da delimitación do espazo natural Montes do Morrazo das Normas Subsidiarias Provinciais; patrimonio (a menos de 200m da Mámoa de Marín). A afección de novo solo redúcese a unha pequena bolsa que xurde ao sur do ámbito orixinal e que igualmente está ocupando terreos do espazo natural de Montes do Morrazo, entre outros.

#### Observacións:

- Actualizaranse na modificación as referencia ao planeamento vixente en Moaña, no que se ten integrado a delimitación do PSOAEG como solo urbanizable.

- Non constan na modificación do plan sectorial determinacións que vinculen ao PXOM e que regulen a situación do solo clasificado polo PXOM como urbanizable ao abeiro do PSOAEG vixente que, coa modificación proposta, deixan de estar dentro da delimitación do ámbito do plan sectorial.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

- No artigo 19 da normativa do PSOAEG indícase que, por tratarse dunha actuación incluída como resultado da información pública, someterase a un procedemento de avaliación ambiental ordinario, requisito que cómpre manter para a nova delimitación proposta.

- Requirirase unha especial análise da orografía, tendo en conta as fortes pendentes que caracterizan este ámbito, cunha importante parte da súa superficie por riba do valor do 25% que o propio PSOAEG estima como límite para a implantación de parques empresariais (apartado V.3.1.1.2 do PSOAEG).

#### B. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O PSOAEG

Asemade, á vista das diversas ambigüidades na interpretación e aplicación do PSOAEG, aproveitamos para trasladar as seguintes cuestións e solicitar, para maior seguridade xurídica a súa regulación no plan sectorial:

##### B.1. Ámbito de aplicación.

1. O artigo 1 da normativa do PSOAEG determina que o seu ámbito de aplicación abrangue todo o territorio de Galicia.

No apartado III.3.3.2, "Oferta de solo empresarial" da memoria descriptiva e xustificativa, (DOCUMENTO III), listase un total de 199 áreas empresariais en funcionamento, 35 en execución, 119 en tramitación, e 60 en estudo.

Parte do solo empresarial considerado anteriormente quedou excluído do PSOAEG, segundo figura motivado nas respostas as alegacións dos Concellos, por entender que son de ámbito local: "as actuacións de solo empresarial establecidas no PSOAEG, son actuacións que, conforme ás determinacións das DOT, e ao carácter propio do plan, son de incidencia supramunicipal. As determinacións das DOT para o desenvolvemento do solo empresarial en Galicia citan como áreas empresariais de incidencia supramunicipal as seguintes: parques estratéxicos, parques comarcais, parques supracomarcais, plataformas loxísticas, parques tecnolóxicos, etc. Á marxe das actuacións de "incidencia supramunicipal", os concellos poderán delimitar nos plans xerais de ordenación municipal, áreas empresariais de carácter local no marco da súa política urbanística, xa que as actuacións locais son de competencia municipal."

A vista do anterior sinálase o seguinte:

Esta exclusión das actuacións locais do ámbito de aplicación do PSOAEG, non queda convenientemente reflectida na normativa urbanística que para unha correcta interpretación, e evitar equívocos, debería figurar nos artigos 1 e 10, que o seu ámbito de aplicación abrangue unicamente as actuacións de incidencia supramunicipal.

Ao mesmo tempo, para a correcta delimitación das bolsas de solo industrial terciario de carácter local no marco das competencias en materia de ordenación atribuídas por lei a política urbanística local, debería artellarse claramente na normativa do PSOAEG, a diferenciación entre o carácter local e supramunicipal dos parques empresariais, determinando os parámetros que correspondan para definir correcta e inequivocamente o carácter municipal das actuacións excluídas do seu ámbito de aplicación.

##### B.2. Actuacións delimitadas no PSOAEG.

1. De acordo co artigo 10.1 do PSOAEG se inclúen dentro das actuacións delimitadas as seguintes:

"1.1. As actuacións que actualmente están en execución, en tramitación ou en estudo que proceden das determinacións do Plan estratéxico 2009-2015.

1.2. As actuacións novas delimitadas no PSOAEG, coa finalidade de cubrir os défcits de solo empresarial resultantes do estudo de mercado de solo empresarial."





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

2. Debe aportarse un listado pormenorizado identificando correctamente as actuacións delimitadas que están previstas no plan sectorial, pois o disposto no artigo 10 resulta claramente incongruente co resto da documentación que figura no PSOAEG, o que imposibilita a identificación das áreas delimitadas no plan sectorial, por canto:

-Non resulta posible identificar estas áreas no PSOAEG, visto que as áreas do plan estratéxico 2009/2015 non veñen listadas, e dedúcese do punto VI.3.1 do DOC VI que estas actuacións foron revisadas para a súa inclusión ou rexeitamento no PSOAEG.

-Así, o DOC III contén unha base de datos que inclúe mais de 400 actuacións clasificadas como en funcionamento, en execución, en tramitación, en estudo, novo solo delimitado e asentamentos xurdidos ao marxe do planeamento. Segundo o sinalado no punto VI.3.2 do DOC VI as áreas empresariais incluídas finalmente no PSOAEG son as 117 recollidas no Cadro nº 4 do citado tomo, que son as que contan con matriz de viabilidade no análise de modelo, ningunha delas en execución contrariamente ao sinalado na artigo 10.1 da normativa do PSOAEG (tampouco conta con matriz de viabilidade ningún asentamento xurdido ao marxe do planeamento, nin parte das clasificadas como en estudo ou en tramitación na memoria xustificativa).

3. Ademais respecto das áreas en funcionamento, expresamente excluídas no PSOAEG, resulta evidente a necesidade de listar aquelas que o PSOAEG considere de carácter supramunicipal, aos efectos de establecer, respecto a posibles modificacións ou ampliacións que excedan do ámbito urbanístico, a subxección as determinacións aplicables do PSOAEG.

#### B.3. Actuacións non delimitadas no PSOAEG.

1. Deberá establecerse claramente na normativa do PSOAEG, a diferenciación entre o carácter local e supramunicipal dos parques empresariais para as actuacións non delimitadas no PSOAEG, indicándose que só neste último caso haberá que considerar estas actuacións como incluídas no PSOAEG

2. Respecto dos asentamentos ao marxe do planeamento, o propio documento do plan sectorial, no punto III.3.3.2.8 da memoria xustificativa, indica que se incorporarán ao proceso de desenvolvemento urbanístico a través do planeamento ou segundo a tramitación establecida na lexislación urbanística, así como "que a previsible oferta de solo empresarial nestes ámbitos considerouse polo propio plan sectorial como de carácter local e non se tivo en conta nos cálculos de solo empresarial de carácter autonómico".

-Pola contra, no anexo do volume 2 (base de datos das áreas empresariais existentes), o documento identificou 21 asentamentos existentes no momento de redacción do plan, 9 deles coa delimitación concreta do ámbito. Ademais estas áreas carecen de matriz de viabilidade, non sendo posible asegurar a súa inclusión no ámbito de aplicación do PSOAEG. Cabería entender que no eido do PSOAEG si se recolleron actuacións de tipo local integradas na estrutura de solo empresarial planificada para o territorio de Galicia, o que confrontaría novamente co ámbito de aplicación do plan.

Logo do exposto, solicítase que se clarifique se os asentamentos identificados no documento están sometidos ao plan sectorial e de ser este o caso, se para o seu desenvolvemento deben considerarse como actuacións non delimitadas.

#### B.4. Instrumentos de ordenación para as actuacións delimitadas no PSOAEG.

-Para as actuacións delimitadas, o artigo 11 do PSOAEG establece o seu desenvolvemento a través de proxectos sectoriais, agás nos supostos das actuacións que proceden de PXOM, con clasificación urbanística adecuada e con determinacións compatibles coas establecidas no PSOAEG, que poderán



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

desenvolverse a través dos correspondentes instrumentos de planificación urbanística, a pesares do indicado nas fichas de compatibilidade dos ámbitos.

-Entenderase que a remisión a instrumentos de desenvolvemento urbanístico do punto 1,2 do devandito artigo 11 referise aos PXOM que estean adaptados (ben antes ou despois da entrada en vigor do PSOAEG) no momento en que se pretende iniciar o instrumento de desenvolvemento da actuación, o que debería quedar expresamente recollido na redacción do articulado para evitar indeterminacións na súa interpretación.

#### B.5. Instrumentos de ordenación para as actuacións non delimitadas no PSOAEG.

-Debería revisarse a redacción do punto 2 do artigo 11, que semella conter erros na súa remisión aos instrumentos de desenvolvemento para as actuacións non delimitadas que regula o plan sectorial no artigos 10.2.1 e 10.2.3. da normativa, pois despréndese que só poden levarse a cabo mediante instrumentos de ordenación urbanística e non mediante a aprobación dun proxecto sectorial.

#### B.6. Estudos de viabilidade

-No artigo 13.1 da normativa regúlase a obrigatoriedade dos estudos de viabilidade para as actuacións delimitadas no PSOAEG que o propio documento identifique como "en estudo" ou "novas", e para as de incorporación posterior (non delimitadas) que deriven da aplicación das determinacións das DOT e de asentamentos industriais xurdidos á marxe do planeamento.

-O PSOAEG non clarifica o momento de presentación do estudo de viabilidade perante ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) nin o procedemento para levar a cabo este trámite, cuestións que deben regularse.

-Á vista disto, solicítase que o PSOAEG aclare respecto de que instrumentos de planeamento e en que fase da tramitación destes debe ser presentado o estudo de viabilidade para a súa validación polo IGVS.

#### B.7. Determinacións aplicables nos municipios con planeamento anulado

-Compre revisar e actualizar as determinacións que o PSOAEG establece de aplicación para os municipios con planeamento xeral anulado (como Vigo e Verín), por canto a clasificación do solo nas áreas delimitadas viuse afectada e pode condicionar a súa figura de desenvolvemento.

#### B.8. Proposta de regulación dun informe sectorial do IGVS no proceso de tramitación dos instrumentos de planeamento

-Finalmente, á fin de protexer a concepción conxunta e vertebradora do territorio empresarial na Comunidade Autónoma, solicítase que se regule a obrigatoriedade dun informe preceptivo do IGVS durante a tramitación do planeamento urbanístico que asegure a viabilidade e idoneidade das actuacións propostas polos distintos instrumentos de planeamento, tanto si estas están previstas polo plan sectorial como si se planifican ao marxe deste.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo



OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN Nº 1 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DATOS DO EXPEDIENTE

**Trámite:** Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada  
**Documento:** Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) da Modificación nº 1 do plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia  
**Ámbito:** Plan de Sectorización Erzana (Erzana, S.L.). Concello de Cambre  
Parque Empresarial de Encrobas. Concello de Cerceda  
Parque Empresarial de Palas de Rei – Fase III. Concello de Palas de Rei  
Parque Empresarial Seixalbo - O Cumial. Concello de Ourense  
Parque empresarial Bueu-Castiñeiras-Ampliación (PEIM) e Parque empresarial de Cangas. Concellos de Cangas e Bueu  
Parque Empresarial de Moaña. Concello de Moaña  
**Autor:** Eptisa Servicios de Ingeniería  
**Promotor:** Instituto Galego de Vivenda e Solo  
**Data da solicitude:** 22.05.2017  
**Código web:** 1945/2017  
**Expediente:** 2017/1096

MARCO LEGAL

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español
- Resolución do 14 de maio de 1991, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, pola que se aproban as normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 13.01.1998 (IDOG núm. 15, do 23 de xaneiro; corrección de erros DOG núm. 26, do 09.02.1998 e DOG núm. 92, do 15.05.1998), polo que se somete a información pública o trazado relativo á delimitación e deslindamento do Vía da Prata.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia
- Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés e declarada pola UNESCO, Patrimonio Mundial o 11 de decembro de 1993.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto no artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o 16.05.2017 acórdase pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental “someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un prazo 45 días hábiles o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación nº 1 do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia*”

De acordo co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por “administracións públicas afectadas” as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. En base á dita

competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións á *Modificación nº 1 do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia* (en diante PSOAEG), no tocante ao patrimonio cultural:

1. Obxecto da modificación nº 1 do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia

Son OBXECTIVOS da modificación os seguintes:

- Favorecer o desenvolvemento e execución de 6 áreas empresariais para facelas máis viables de cara á súa execución, sempre respondendo a criterios de sostibilidade económica, social e ambiental. A redelimitación dos ámbitos considérase de interese público porque o solo destinado a actividades empresariais é necesario para a implantación de actividades produtivas, xera postos de traballo, e supón un motor para as economías comarcais e das áreas funcionais nas que se atopan. Axústanse os ámbitos á demanda e fóméntase o seu desenvolvemento na coxuntura económica actual.
- Corrixir o erro detectado na localización do parque de ERZANA en Cambre.

A LOCALIZACIÓN e delimitación dentro do PSOAEG de cada un dos ámbitos é a seguinte:

- a. O plan de sectorización de Erzana (concello de Cambre) delimitado erroneamente no PSOAEG conta cunha superficie de 36.976,00 m<sup>2</sup>. Está situado na zona norte oriental do termo municipal de Cambre, no límite co concello de Sada; lindante co parque empresarial de Espiritu Santo. Dentro do municipio, o citado parque implántase nunha zona propiamente industrial, cunha accesibilidade óptima por estrada, Vía Ártabra.
- b. O parque empresarial de Encrobas, Cerceda, delimitado no PSOAEG cunha superficie de 1.488.113 m<sup>2</sup> está situado na zona centro oriental do termo municipal de Cerceda da provincia de A Coruña. Dentro do municipio, o parque implántase nunha zona próxima ao núcleo capital, cunha accesibilidade óptima garantida polas conexións coa Autovía A-6, a través da Estrada AC-523, e entre as instalacións da empresa SOGAMA e o parque empresarial de O Acevedo.
- c. O parque empresarial de Palas de Rei desenvolveuse en dúas fases, das cales a segunda, está completamente ocupada, imposibilitando o asentamento de novas empresas, polo cal se delimita na presente modificación unha nova fase pasando a denominarse Parque Empresarial de Palas de Rei Fase III con 42.280,56 m<sup>2</sup> de superficie.
- d. O parque empresarial Seixalbo- O Cumial delimitado no PSOAEG cunha superficie de 942.950,00 m<sup>2</sup> localízase lindante coa zona industrial do mesmo nome no concello de Ourense ao sur do núcleo urbano cara ao concello de San Cibrao das Viñas. A comunicación do sector efectuaríase pola N-525 e o novo sistema viario Rolda Bulevar-Parque Empresarial de San Cibrao das Viñas.
- e. O parque empresarial Bueu - Castiñeiras - ampliación (PEIM) delimitado no PSOAEG cunha superficie de 412.238 m<sup>2</sup> ubícase nos concellos de Cangas e Bueu como ampliación do actual Parque Industrial Castiñeira, delimitado na zona norte do concello de Cangas e no sur do de Bueu. A comunicación do sector efectuaríase, ao igual que o parque existente, mediante a vía de alta capacidade Cangas-Aldán, Corredor do Morrazo, e completaría a demanda de solo industrial no ámbito contando coas infraestruturas que a día de hoxe ten o polígono existente.
- f. O parque empresarial de Moaña delimitado no PSOAEG cunha superficie de 435.528 m<sup>2</sup> localízase no concello do mesmo nome, sitúase no norte do concello lindante co de Marín. As comunicacións do sector establécense pola vía PO-313 que comunica os municipios de Marín e Moaña a poucos metros do Corredor do Morrazo.

O PLANEAMENTO URBANÍSTICO vixente nestes concellos é o seguinte:

- a. Plan de Sectorización Erzana S.L. (Cambre)  
O Concello de Cambre conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas o 20.07.1994. O solo no que se atopa a delimitación da actuación delimitada no PSOAEG erroneamente, está clasificado como solo apto para urbanizar. Na delimitación correcta, a clasificación de solo é a mesma.
- b. Parque empresarial de Encrobas (Cerceda)  
O Concello de Cerceda conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas o 26.06.1996, tendo iniciada a tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (Documento de Referencia emitido o 15/02/2012). O solo no que se atopa a delimitación da actuación que nos ocupa está clasificado como solo non urbanizable normal, solo non urbanizable de protección de ribeiras e encoros, de predominación de masas forestais e como vertedoiro incontrolado.
- c. Parque empresarial de Palas de Rei Fase III (Palas de Rei)  
O Concello de Palas de Rei conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas do 30.11.1994, tendo iniciada a tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal. O solo no que se atopa a delimitación da actuación está clasificado como: solo urbano, non urbanizable común e solo non urbanizable de protección agrícola e forestal nas normas vixentes.



d. Parque empresarial Seixalbo-O Cumial (Ourense)

O solo no que se atopa a delimitación da actuación no concello de Ourense está clasificado como solo non urbanizable de protección especial forestal e canles pluviais, solo non urbanizable de protección especial de estradas, solo non urbanizable de núcleos, sistema xeral militar e protección solo.

e. Parque empresarial Bueu-Castiñeiras-Ampliación (PEIM) e Parque empresarial de Cangas

A actuación recollida no PSOAEG atópase delimitada en dous concellos, Bueu e Cangas.

Concello de Bueu:

Conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas o 11.06.1986, tendo iniciada a tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (Aprobación Provisional do PXOM marzo 2016).

O solo no que se atopa a delimitación da actuación no concello de Bueu está clasificado como solo apto para urbanizar e solo non urbanizable de protección forestal.

Concello de Cangas:

Conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas en data 20.12.1993, tendo iniciada a tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (Informe previo á aprobación inicial de data 19.11.2012).

O solo no que se atopa a delimitación da actuación que nos ocupa está clasificado como solo non urbanizable de protección forestal e solo non urbanizable de protección dos espazos naturais, na actualidade parte dos terreos están ocupados por unha canteira propoñendo a actuación a súa recuperación.

f. Parque empresarial Moaña (Moaña)

A actuación atópase delimitada no concello de Moaña. O solo no que se atopa está pendente da entrada en vigor do documento do PXOM aprobado definitivamente coa publicación no boletín correspondente.

Canto á súa TRAMITACIÓN, seguirá co procedemento indicado nos art. 13 e 14 do D. 80/2000, que establece que a modificación do plan sectorial poderase realizarse en calquera momento, seguindo o procedemento establecido no artigo 15 do dito decreto, con exclusión do trámite do seu punto 1 (declaración de incidencia supramunicipal).

As ACTUACIÓNS A DESENVOLVER son as seguintes:

a. Plan de Sectorización Erzana S.L. (Cambre)

Procédese a unha corrección de erros.

A delimitación do Plan de Sectorización de Erzana realizada no PSOAEG non corresponde co ámbito real que se estaba a desenvolver. Corrixírase, delimitando o sector axeitadamente, diminuíndo a súa superficie en 1.846,6 m<sup>2</sup>, a 34.949,94 m<sup>2</sup>.

Os factores estruturantes: ambientais, patrimoniais, e físicos permanecen practicamente nos mesmos valores, salvo porque discorre polo sector un curso de auga que deberá de seguir as recomendacións recollidas no documento ambiental correspondente. Os factores non estruturantes e, o axuste á demanda estimada non sofren variación.

b. Parque empresarial de Encrobas (Cerceda)

Esta modificación plantexa a partición do sector en 2 actuacións independentes, reducindo a súa superficie inicial en 219.029,09 m<sup>2</sup>, pasando a denominarse Parque Empresarial de Encrobas 1 e Parque Empresarial de Encrobas 2. A actuación delimitada no PSOAEG vese afectada por unha infraestrutura ferroviaria que cruza o sector dividíndoo en 2. Na nova proposta, exclúese do ámbito o trazado do FFCC e favorécese o seu desenvolvemento.

Os factores estruturantes: ambientais, patrimoniais, e físicos permanecen practicamente nos mesmos valores, ao igual que os non estruturantes, o axuste á demanda estimada non sofre variación.

c. Parque empresarial de Palas de Rei Fase III (Palas de Rei)

A presente modificación plantexa a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei por demanda de solo e non existencia do mesmo. Os factores estruturantes: ambientais, patrimoniais, e físicos permanecen practicamente nos mesmos valores que para a fase II analizada no PSOAEG, ao igual que os non estruturantes, o axuste á demanda estimada non sofre variación.

A actuación delimitada no PSOAEG vese afectada polo BIC do Camiño de Santiago Francés tendo que tomarse as medidas oportunas na súa redacción e execución.

d. Parque empresarial Seixalbo-O Cumial (Ourense)

Esta modificación formula a redelimitación do ámbito axustando o sector ao parcelario existente segundo o catastro; excluíndo zonas con usos incompatibles co uso industrial, desafectando áreas de usos residenciais; e redefinindo o límite co concello de San Cibrao das Viñas ao límite oficial.

Non se alteran os factores estruturantes, ambientais, patrimoniais nin físicos, nin tampouco os non estruturantes.

A clasificación do solo non se ve afectada xa que só se redelimita a actuación inicial do PSOAEG, reducíndose a superficie inicial, pasando de 942.950,00 m<sup>2</sup> a 693.793,87 m<sup>2</sup>.

e. Parque empresarial Bueu-Castiñeiras-Ampliación (PEIM) e Parque empresarial de Cangas

Esta modificación plantexa a partición do sector en 2 actuacións independentes, reducindo a súa superficie inicial en 149.977,04 m<sup>2</sup>. A actuación delimitada no PSOAEG está ubicada en 2 concellos e atravesada por unha infraestrutura viaria: o corredor do Morrazo (VG-4.5). Coa partición da mesma en 2 actuacións, favorécese o seu desenvolvemento como dúas ampliacións, unha como ampliación da zona industrial actual (ampliación 1 no concello de Bueu) e a outra como ampliación no concello de Cangas, que se traslada a un ámbito con máis posibilidades para o seu desenvolvemento.

O parque empresarial Bueu-Castiñeiras Ampliación:

Non sofre cambios, mantense a delimitación incorporada no PSOAEG. O seu desenvolvemento non se ve comprometido por facerse de xeito independente, na zona norte está o actual parque empresarial Bueu-Castiñeiras en funcionamento, e non se ven afectadas clases de solo nin a superficie que se recollía delimitada no concello de Bueu. Delimitaríase na zona norte da delimitación actual recollida no PSOAEG e contaría cunha superficie total de 188.123,15 m<sup>2</sup>.

O parque empresarial de Cangas

Trasládase a unha zona do concello con fácil accesibilidade, a un ámbito en zona de ordenación do POL, e sen afeccións arqueolóxicas inicialmente detectadas; atópase ubicada en terreos ocupados por unha canteira, o que favorecería á súa recuperación ambiental e paisaxística, seguindo deste xeito criterios de sustentabilidade. Delimitaríase nunha nova zona do concello de Cangas e contaría cunha superficie total de 74.138,52 m<sup>2</sup>.

f. Parque empresarial Moaña (Moaña)

Esta modificación plantexa a redución na delimitación do sector nun 35%, a superficie total do sector delimitado no PSOAEG é de 435.528,00 m<sup>2</sup>, coa nova delimitación reduciríase en 152.335,42 m<sup>2</sup>. O parque empresarial de Moaña quedaría delimitado cunha superficie total de 283.192,58 m<sup>2</sup>.

A actuación recollida no PSOAEG presenta unha topografía moi acusada nalgunhas zonas da súa delimitación e conta con valores naturais máis destacados segundo a zona, motivo polo que se presenta unha nova proposta de ámbito minorando as afeccións da mesma. A nova actuación recorta unha importante superficie de solo de norte a sur en toda a zona este, e incorpora unha pequena bolsa na zona sur.

A incorporación da bolsa de solo na zona sur non afecta á clasificación do solo.

Os factores estruturantes: ambientais, patrimoniais, e físicos permanecen nos mesmos valores, ao igual que os non estruturantes, o axuste á demanda estimada non sofre variación.

2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

No documento obxecto deste informe, detéctanse as seguintes afeccións ao patrimonio cultural:

b. Parque empresarial de Encrobas (Cerceda): Nas súas cercanías atópase as mámoas Monte de Patín 1 (GA15024009) e Monte do Patín 2 (GA15024008)

c. Parque empresarial de Palas de Rei Fase III (Palas de Rei). A actuación delimitada no PSOAEG vese afectada polo BIC do Camiño de Santiago Francés tendo que tomarse as medidas oportunas na súa redacción e execución.

d. Parque empresarial Seixalbo-O Cumial (Ourense). O Camiño de Santiago, Ruta da Prata, está situado aproximadamente a 170 m do eido. No interior do ámbito se detecta a presenza de núcleos que poden contar con elementos pertencentes ao patrimonio cultural, debendo levarse a cabo as medidas oportunas no momento do seu desenvolvemento.

Dentro do ámbito de afección atópanse o Petroglifo 3 de Seixalbo (GA32054058) e o Petroglifo 2 de Seixalbo, ambos BIC en virtude da LPCG 5/2016.

No contorno próximo sitúanse o Petroglifo 1 de Seixalbo (GA32054056) e a Torre Vella (GA32054043).

e. Parque empresarial de Bueu-Castiñeiras. Nos límites da ampliación e dentro do actual parque empresarial de Bueu Castiñeiras atópanse os xacementos arqueolóxicos: Mámoa de Tomado de Martínez (GA36004003), Mámoa de Tomado de Martínez 2 (GA36004018), Mámoa de Tomado de Martínez 3 (GA36004039). Moi próximo sitúase o Petroglifo das Abeleiras (GA36008025).

Parque empresarial de Cangas. No contorno (200 m) do eido atópanse a Capela de San Amaro o Santo Mauro e o asentamento Abrigos de San Amaro.

f. Parque empresarial Moaña (Moaña). No contorno do eido atópase a Mámoa de Marín (GA36026054). Nas proximidades atópase o Petroglifo do Outeiro de Gorgullo (GA3602911)

No apartado 8 do DEA enuméranse unha serie de MEDIDAS CORRECTORAS. No que se refire ao PATRIMONIO CULTURAL expónse o seguinte:

c. Parque empresarial de Palas de Rei Fase III (Palas de Rei). O eido afecta ao BIC do Camiño de Santiago Francés.



Medidas::

Adoptaranse as medidas contidas nos apartados 7.4 e 7.5.

A afección ao Camiño poderá provocar condicións na ordenación dunha franxa de terreo que teña suficiente amplitude para garantir a súa protección.

Por ser unha área incorporada tras a exposición pública do PSOAEG o seu desenvolvemento someterase ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinario nas condicións que establece a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental.

- d. Parque empresarial Seixalbo-O Cumial (Ourense). O Camiño de Santiago Ruta da Prata está situado aproximadamente a 170 m do eido..

Medidas:

Atópase na franxa de amortecemento de 500 m establecida na análise de viabilidade, contados desde o límite exterior da zona de protección integral do Camiño, para permitir, no seu caso, en dita zona de transición, a integración da área empresarial no seu contorno.

Aplicaranse as medidas descritas nos apartados 7.4 e 7.5 e as que se establezan no PXOM de Ourense.

Analizarse a potencialidade arqueolóxica do topónimo Sansillado, emprazado ao norte do ámbito.

- e. Parque empresarial de Cangas. No contorno (200 m) do eido atópase a Capela de San Amaro o Santo Mauro e o asentamento Abrigos de San Amaro.

Medidas:

Aplicaranse as medidas descritas no apartado 7.4.

- f. Parque empresarial Moaña (Moaña). No contorno do eido atópase a Mámoa de Marín (GA36026054)

Medidas:

No estudo da viabilidade desta actuación deberá terse en conta a redelimitación do eido.

A ordenación do eido integrará na medida do posible á vexetación existente, vinculándoa ás cesións de zonas verdes e espazos libres, co fin de fomentar a conectividade biolóxica.

Aplicaranse as medidas descritas no apartado 7.5.

O documento "DOC XIV.- RELACIÓN CO PATRIMONIO CULTURAL" da Modificación nº 1 do PSOAEG, constitúe a análise da relación do PSOAEG co dito patrimonio. Nel se inclúen as fichas das áreas empresariais obxecto de modificación, indicando ademais que se manteñen invariables as estratexias de actuación do PSOAEG e os criterios definidos nel respecto da relación das actuacións de solo.

### 3. Medidas protectoras e correctoras

O Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (en diante DOT), establece unha serie de determinacións orientativas para o desenvolvemento das áreas empresarias, das que en relación ao patrimonio cultural destacan as seguintes:

3.2.3 *Os parques empresariais situaranse respectando os valores ambientais (incluíndo os culturais) do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións do termo municipal e considerando os servizos de transporte colectivo preexistentes.*

3.2.6 *Na elección das alternativas da situación das áreas empresariais primará a prevención dos seus posibles efectos sobre o medio fronte á súa corrección, mitigación ou compensación, polo que se considerarán as limitacións derivadas dos condicionantes topográficos, da proximidade a asentamentos de poboación, da posible afección ao ámbito de influencia do patrimonio natural e cultural ou doutras actividades produtivas primarias ou terciarias, da visibilidade ou fragilidade paisaxística, etc., e deberase xustificar neste sentido a idoneidade da situación finalmente seleccionada.*

*En todo caso, estableceranse as medidas correctoras que resulten necesarias a pesar da priorización da prevención, contemplando entre elas as de integración paisaxística.*

Asemade, a determinación excluínte 9.3 das DOT establece que *calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integrais como un elemento máis da actuación.*

*Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.*

En cumprimento desta determinación, antes de levar a cabo calquera actuación sobre o territorio, deberase realizar a antedita prospección co obxecto de identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección dentro do núcleo. Toda vez identificados, deberanse delimitar os bens e o seu contorno de protección para a súa inclusión no

catálogo e a súa representación nos planos de ordenación. O contorno de protección dos bens inmobles de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Na declaración de ben de interese cultural ou na catalogación do ben estableceranse as limitacións de uso e os condicionantes necesarios para a salvagarda do dito contorno de protección, sen que iso supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado<sup>1</sup>.

Respecto dos elementos patrimoniais rexistrados na ficha de cada unha das áreas, compre destacar as afeccións ao Camiño de Santiago:

- Tendo en conta a elevada cantidade de tráfico e a presenza de vehículos pesados que se concentran nas áreas industriais, e dada a coincidencia co ámbito de afección do Camiño, o cal se configura configura como unha ruta de uso principalmente peonil que atravesa o territorio, haberá que prestar especial atención a garantir o uso da área polo peón en condicións de seguridade.
